

Varredores do mar.

O mar, ao igual que todos os ecosistemas, ten ben axustados os seus mecanismos de tratamento de residuos. Claro que se trata de residuos orgánicos, e aínda con estes, o equilibrio é dinámico e, con frecuencia, fráxil.

Pero preto das costas habitadas, sobre todo nos países do primeiro mundo, adoitan aparecer as pegadas desta sociedade de consumo, que non sempre dixere ben todo aquilo que, insaciable, devora sen apenas saborear.

Algunhas persoas cren que paga apenas tentar borrar, ou polo menos, alixerar, esa esa pegada en forma de refugallo que os humanos deixan no mar, e adican tempo e esforzos, de xeito altruista, a se mergullar en busca de lixo, provistas, como única arma, dunha bolsa que contivo sucre, como tentando adoazar o amargo rastro dos seus conxéneres.

Esta vez é a costa da Herradura, pero en moitos outros puntos das costas españolas, hai voluntarios dispostos a traballar por todos.

No fondo do mar é posible atopar todo tipo de obxectos utilitarios, tan cotiáns en terra como surrealistas no océano; formas irreais, un estrano plancton de ciencia-ficción, que máis pronto que tarde se convertirá en bentos.

O mar e a vida farán súas moitas desas formas, e as integrarán, como novas pezas do mosaico mariño, que acabarán cumprindo a lei do mar: antes ou despois, estarán cubertas de epífitos. A fin de contas, é posible que algúns deses obxectos foran fabricados con elementos compostos por átomos que saíron do fondo do océano.

Pero ese eterno e perfecto ciclo da materia non xustifica que se use o mar como cubo do lixo nin evita algúns riscos certos e comprobados do verquido de residuos sólidos. O de menos é a porcallada visual, que, ao fin e ao cabo, só molesta á especie a que a provocou.

Máis preocupantes son os restos minúsculos de, por exemplo, as chamadas redes pantasma; proveñen do descoído ou deixadez dos mariñeiros, e convírtense en trampas seguras para os animais que nadan e fican atrapados.

Con demasiada frecuencia, peixes e tartarugas, e tamén algúns mamíferos e invertebrados, morren loitando contra a estupidez humana. Porque nada hai tan estúpido que facer algo que non beneficia a ninguén e prexudica a moitos.

Os restos de artes de pesca trazan labirintos sinistros. Baixo as pedras, entre as algas, sobre os corais, os fíos invisibles tecen mallas nas que a vida queda atrapada e condenada, agás cando outras mans distintas das que tenderon os fíos creban o maleficio.

O plástico é un dos residuos sólidos máis daniños no mar. Calcúlase que dese material. Que fai a vida máis sinxela ás persoas, cada ano chegan aos mares uns 10 millóns de toneladas, que nalgúns zonas, como no noroeste do océano Pacífico, chegan a formar auténticas illas flotantes.

Por unha banda, o plástico non é biodegradable. Por outra, frágmenbase unha e outra vez, de xeito que non serve como sustrato e os seus restos espállanse e mestúranse cos fondos mariños. A cotío, os plásticos brandos semellan medusas á vista de animais como as tartarugas, que os inxiren e poden chegar a morrer atrapados.

Ademáis, moitos plásticos conteñen sustancias contaminantes e tóxicas que, aínda que pode que non cheguen a alterar a composición da auga, si poden danar algúns organismos. En realidade, os efectos máis perigosos son os que non se ven. A combustión de hidrocarburos por parte de vehículos en terra, os verquidos industriais e a sobrepesca producen alteracións constantes e radicais no ecosistema mariño que ningún voluntario pode paliar.

E non obstante, estes varredores ocasionais realizan unha laboura importante que nos beneficia a todos.